

## SESION ORDINARIA DE 29 DE MARZO DE 2022

(Acta número 03)

### Presidente:

D. José Tomé Roca

### Sres. Deputados:

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto  
D. Pablo Rivera Capón  
D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez  
D. Roberto Fernández Rico  
D. Xosé M<sup>a</sup>. Arias Fernández  
D. José Luis Raposo Magdalena  
D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño  
D. Efrén Castro Caloto  
D. Javier Jorge Castiñeira  
D. Agustín Baamonde Díaz  
D. Roberto García Pernas  
D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa  
D. Pablo Taboada Camoira  
D. José Jesús Novo Martínez  
D<sup>a</sup>. María Loureiro García  
D. Oscar Poy Franco  
D. José Pardo Lombao  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
D. José Ángel Santos Sánchez  
D. Jesús Manuel Núñez Díaz  
D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. González Abelleira  
D. José Manuel Gómez Puente  
D. José Fernández Vázquez

### Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

### Interventora:

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as nove horas e corenta minutos do día **vinte e nove de marzo de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D.<sup>a</sup> Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	1/41



## 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de febreiro de dous mil vinte e dous, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

### *Intervencións:*

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=1>

## 2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CONDENANDO A AGRESIÓN DE RUSIA A UCRAÍNA.

Intervén o Sr. Presidente quen manifesta o seguinte:

“Trátase dunha Declaración Institucional condenando a agresión de Rusia a Ucraína, que está asinada polos voceiros dos tres Grupo Políticos da Corporación despois dunha Xunta de Voceiros.

E o mesmo sucede co punto número tres da Orde do Día, que é unha Declaración Institucional de agradecemento aos empregados públicos, veciños e veciñas no segundo aniversario da pandemia da Covid-19, que tamén foi asinada polos voceiros dos tres Grupos Políticos despois dunha Xunta de Voceiros”.

### **Declaración Institucional da Deputación de Lugo condenando a agresión de Rusia a Ucraína**

“A Deputación Provincial de Lugo manifesta a súa firme e rotunda condena á agresión que está cometendo Rusia contra a República Popular de Ucraína coa brutal invasión do territorio dun país que é soberano, e expresa a súa total solidariedade co pobo ucraíno. Como defensores dos

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	2/41





dereitos e das liberdades das persoas non podemos tolerar ningunha acción que socave ditos cimentos humanos.

Así mesmo, a institución provincial reclama o alto ao fogo inmediato, a retirada das tropas rusas do territorio de Ucraína e o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas e acadar acordos de paz duradeiros, sempre no marco do respecto ao Dereito Internacional, aos Dereitos Humanos, aos acordos de Minsk e ás resolucións da ONU.

A Deputación de Lugo ratifica a súa plena dispoñibilidade para axudar e colaborar, dentro das nosas posibilidades, a través dos cauces establecidos polo Goberno de España, naquelas medidas que poidan contribuír a paliar o sufrimento do pobo ucraíno e que procuren a protección e o benestar das persoas que foxen do conflito para salvar a vida.

As guerras son unha traxedia e un retroceso da civilización. Unha volta a tempos escuros que Europa debería desterrar para sempre. Non hai nada que xustifique as vítimas mortais e o cruel sufrimento dos superviventes, que marcará o resto das súas vidas. Os devastadores efectos desestruturan a sociedade moito máis aló do conflito bélico. Danos irreparables que se agravan cada minuto que pasa.


A Deputación de Lugo, como administración local, a máis próxima sempre á cidadanía, está pendente do que está a vivir o pobo ucraíno, con gran preocupación e pesar, e, ao mesmo tempo, amosa o seu orgullo pola resposta solidaria que están dando os veciños e veciñas da provincia ante esta catástrofe.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=2>

**3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE AGRADECIMIENTO AOS EMPREGADOS PÚBLICOS, VECIÑOS E VECIÑAS NO SEGUNDO ANIVERSARIO DA PANDEMIA DA COVID-19**

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	3/41



**“Declaración Institucional de agradecemento aos empregados públicos, veciños e veciñas no segundo aniversario da pandemia da Covid-19.**

Agora que se cumpren dous anos dende que a pandemia da covid fixese sentir a súa pegada no noso país, a Deputación de Lugo aproba esta Declaración Institucional como mostra de agradecemento ó exemplar comportamento cívico dos veciños e veciñas da provincia de Lugo, así como do encomiable traballo dos empregados públicos.

A situación de crise derivada da Covid, inédita en tempos recentes da nosa historia, puxo claramente de manifesto a necesidade de contar con Estados fortes, artellados a través dunhas Administracións Públicas estatal, autonómicas e locais sólidas. Tamén da importancia das políticas públicas como escudo fronte as adversidades e dun sistema de cogobernanza leal, ben organizado e eficaz, que reconeza a importancia da administración local en canto esta é a máis próxima ó día a día do cidadán.

Nestes dous anos de pandemia vimos xurdir exemplos de esforzo colectivo e de solidariedade. Puxéronse en marcha exemplos de cogobernanza dende o diálogo e o acordo, para afrontar dun xeito compartido os retos do presente e preparar xuntos a construción do noso futuro.

Neste segundo aniversario queremos render homenaxe a toda a sociedade, ó sector privado, á sociedade civil e tamén ó papel desenvolvido polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. A Deputación quere reconecer tamén o traballo do resto das Administracións Públicas, concellos, Xunta de Galicia e Goberno de España, enfrontadas coma nos ó desafío e a crise que xeraba a pandemia.

Queremos amosar un especial agradecemento a todos os traballadores e traballadoras que mesmo nos peores momentos da crise seguiron prestando un servizo público. Os traballadores dos concellos, desta Deputación, da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia. Ós servidores públicos que durante estes dous anos seguiron traballando, atendendo e protexendo ós cidadáns.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	4/41





Nos momentos máis escuros, mesmo durante o confinamento, a Sanidade, os Corpos e Forzas de Seguridade, o persoal de limpeza e desinfección, a Educación.... todos seguiron desenvolvendo a súa tarefa. Uns de xeito presencial, adoptando medidas de protección para protexerse e para diminuír o risco para o resto da cidadanía. Outros apostando polo teletraballo, a atención telefónica, as clases virtuais. As novas tecnoloxías e a capacidade para adoptar novos xeitos de organizar as tarefas axudaron a manernos en contacto cando a pandemia pretendía afastarnos


Foron dous anos de moita esixencia, de adicación total, nun tempo difícil, duro e doloroso. Un tempo que os empregados públicos fixeron máis doado para a cidadanía ca súa entrega, capacidade de traballo e vocación de servizo. Dous anos nos que, máis que nunca, todos nos sentimos orgullosos dos nosos Servizos Públicos.

Por iso hoxe reiteramos o noso agradecemento a todos e a todas, ó conxunto dos traballadores e traballadoras das Administracións Públicas. Dun xeito especial a todos aqueles que nos concellos formaron parte dos “servizos esenciais”: Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, Limpeza Viaria e Recollida de Residuos, Axuda a Domicilio, Teleasistencia, Atención a Vítimas da Violencia de Xénero, Augas e Redes de Abastecemento, Alumeado Público, Limpeza de edificios e dependencias municipais, Servizos Sociais, Atención á Cidadanía, Servizo de Obras, Servizos Funerarios e Cemiterios, Transportes, Atención e Protección de animais, Tesourería, Secretaría, Intervención, Responsables de Unidades Administrativas, Mantemento, Gabinetes de Comunicación e Informáticos.

E xunto con eles, queremos poñer en valor tamén o papel de tantas persoas de diversos sectores da empresa privada, que foron esenciais durante ese tempo para dar unha resposta contundente á pandemia, tanto no fronte sanitario como no eido económico.

Gracias por tanto e gracias por todo. Reaccionamos xuntos ante unha ameaza que nos fixo descubrir todo aquilo do que somos capaces como sociedade cando cada un aporta o mellor de si mesmo, cando traballamos xuntos e cando apostamos por defender o noso modelo de sociedade, baseada nos valores democráticos e na fortaleza dos Servizos Públicos”.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	5/41



**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=3>

**PARTE RESOLUTIVA**

**COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO**

**4.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN GRATUÍTA DE TITULARIDADE DE CABEZAS DE GANDO A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES, EMPRESARIOS, PROFESIONAIS, GANDEIROS E AUTÓNOMOS DE MUIMENTA.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data do 01.03.2022 a Asociación de empresarios de Muimenta presenta escrito de solicitude da cesión gratuíta de dous cabezas de gando para colaborar na promoción da XXXVI edición do Concurso de gando frisón de MOEXMU que se celebrará os días 1, 2 e 3 de abril de 2022 no recinto feiral Manuel Vila López de Muimenta na XXXVIII edición da Mostra Exposición de Muimenta – MOEXMU, que inclúe a mencionada XXXVI edición do Concurso de Gando Frisón, a XXX edición do Concurso Autonómico de Raza Frisona – Fefriga, a XXXVI Exposición de Gando Rubio Galego e a XXVI Poxa de Gando Selecto.

A solicitante é a denominada Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. Encóntrase inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia baixo o número 2008/012285.

Ten por obxecto prioritario promover o sector empresarial e comercial da parroquia de Muimenta como desenvolve o contido dos seus Estatutos que en relación coa solicitude formulada o seu artigo 5.11 refire: Llevar a cabo la organización de la Mostra Exposición de Muimenta

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	6/41





(MOEXMU) del Concurso Exposición y Subasta de Gando Selecto así como de la Fiesta de la Filloa y cualquier otra feria , muestra, fiesta o evento que tenga interés para la villa o comarca.

Por tanto esta asociación é a organizadora da Mostra-exposición de Muimenta (a Moexmu), que acolle a maior feira de gando de toda a provincia e que ven de celebrar a súa vixésimo sexta edición nesta localidade de Cospeito que coa finalidade de promover o concursos de gando que ali se vai celebrar e polo que solicita a esta Deputación de Lugo a dúas cabezas de gando.

Con data do 08.03.2022 a directora da Granxa provincial Gayoso Castro baixo o CSV IV7CYPDOHRU35TJDRRWCOZSWKA sinala que nesta edición participarán as ganderías máis importantes da Terra Cha, da provincia de Lugo, así como de toda Galicia e que dende o ano 2.012, é o único concurso de gando que se leva a cabo na provincia de Lugo, tendo por primeira vez na súa historia, este concurso, un carácter de Autonómico.


Ademais expresa que a Deputación Provincial de Lugo , a través da Granxa Provincial Gayoso Castro, ten como obxectivo contribuír ao fortalecemento do sector agrogandeiro en xeral e da provincia de Lugo en particular, e deste xeito ben colaborando na mellora, promoción e difusión de diversas razas de gando vacún que se atopan en risco de extinción así coma doutras razas amplamente estendidas polo noso territorio e entre elas a Raza Frisoa. E con dito concurso contribuír á promoción e mellora da Raza Frisoa, que concordan co obxectivo da Deputación Provincial de Lugo de fomento e mellora das razas gandeiras de vacún e a súa contribución á mellora e ao fortalecemento do sector agrogandeiro da provincia de Lugo.

E determina que cumpriría a dita finalidade as seguintes cabezas de gando de raza frisoa:

Identificación	Sexo	Data de nacemento	Estado reproductivo	*Prezo estimado (Sen IVE)
ES051113398762	Femia	22/07/2021	Non preñada	600, 00 €
ES061113398763	Femia	26/07/2021	Non preñada	600, 00 €

\* BOE» núm. 107, de 5 de maio de 2021, páxinas 53961 a 53991 (31 páxs.)

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	7/41



Ademais expresa que a Deputación de Lugo non asumirá en ningún caso os custes relativos ao transporte dos animais obxecto do presente procedemento para o seu traslado á Mostra para participar na XXXVI edición do Concurso de Gando Frisón de MOEXMU 2022.

Queda por tanto limitada a participación desta Deputación de Lugo a cesión das cabezas de gando descritas sen engadir ningún outro gasto de calquera outra índole

As ditas cabezas de gando constan no libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Excm. Deputación Provincial, inscritos no epígrafe VI folios un ao tres, co contido expresado na Certificación expedida o 14 de marzo de 2022 e baixo a natureza xurídica de ben patrimonial.

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral emitido con data do 14.03.2022 baixo o CSV IV7C23S2JR4SKW5JAV654JZDIU no que ademais do réxime xurídico entre outros sinala o requisito finalidade esixida para a cesión gratuíta da titularidade dos semoventes descritos cumpre co destino e finalidade pública que, entre outras, promove a Granxa provincial Gayoso Castro de fomento e mellora das razas gandeiras de vacún e a súa contribución á mellora e ao fortalecemento do sector agrogandeiro da provincia de Lugo e que coincide coas pretensións da solicitude.

Respecto do requisito esixido ao cesionario, o artigo 82 da Lei 5/2011 de 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia inclúe como cesionarios ás entidades sen ánimo de lucro, condición na que esta incluída a asociación solicitante e non obstante o contido non básico do artigo 145.4 da Lei 33/2003 LPAP, que limita a favor das comunidades autónomas, das entidades locais ou das fundacións públicas as cesións gratuítas de titularidade,

Ademais expresa que o presente procedemento de cesión gratuíta da titularidade de dous cabezas de gando a favor da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta coa finalidade da promoción e difusión de diversas razas de gando vacún e en particular participar na da XXXVI edición do Concurso de gando frisón de MOEXMU 2022 adecúase á lexislación vixente e pode someterse á consideración do Pleno Provincial e ao que non presenta ningún inconveniente o informe da Intervención Provincial emitido con data do 17.03.2022 baixo o CSV IV7C2GKKBIX54WP4Y5QGC4BSJ4 en cumprimento dos artigos 54

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	8/41







do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Polo exposto, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, proponse ao Pleno Provincial:

Primeiro.- Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade de dúas cabezas de gando de raza fría coa seguinte identificación: ES051113398762 e ES061113398763 a favor da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta, coa finalidade da promoción e difusión de diversas razas de gando vacún e en particular participar na da XXXVI edición do Concurso de gando frisón de MOEXMU 2022, acordo que se entenderá elevado a definitivo transcorrido o prazo de información pública, sen alegacións.

Segundo.- Remitir este acordo ao solicitante para a sinatura da acta de entrega pertinente”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada.


**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=4>

**5.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CESIÓN GRATUÍTA DE TITULARIDADE DE VARIAS PARCELAS PROVINCIAIS A FAVOR DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	9/41



“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data do 15 de febreiro de 2022, o Concello de Monforte de Lemos presenta solicitude para a cesión gratuíta da titularidade de 15 parcelas de solo rústico de titularidade provincial situadas no seu concello.


A Secretaría Xeral emitiu informe que textualmente dí:

I. En relación coas parcelas solicitadas.

O Concello de Monforte de Lemos solicita a cesión gratuíta de 15 parcelas, en solo rústico, de titularidade provincial, cos seguintes datos catastrais:

<i>Polígono/parcela</i>	<i>Referencia catastral</i>	<i>Superficie catastral</i>
<i>Polígono 4 parcela 184</i>	<i>27031B004001840000MY</i>	<i>857 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 185</i>	<i>27031B004001850000MG</i>	<i>1.473 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 186</i>	<i>27031B004001860000MQ</i>	<i>5.067 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 187</i>	<i>27031B004001870000MP</i>	<i>7.749 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 188</i>	<i>27031B004001880000ML</i>	<i>17.329 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 189</i>	<i>27031B004001890000MT</i>	<i>33.148 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 190</i>	<i>27031B004001900000MP</i>	<i>4.173 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 191</i>	<i>27031B004001910000ML</i>	<i>4.362 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 192</i>	<i>27031B004001920000MT</i>	<i>6.486 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 193</i>	<i>27031B004001930000MF</i>	<i>6.155 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 194</i>	<i>27031B004001940000MM</i>	<i>9.218 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 198</i>	<i>27031B004001980000MD</i>	<i>1.001 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 200</i>	<i>27031B004002000000MX</i>	<i>3.180 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 202</i>	<i>27031B004002020000MJ</i>	<i>3.802 m2</i>
<i>Polígono 4 parcela 203</i>	<i>27031B004002030000ME</i>	<i>3.242 m2</i>

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	10/41





Respecto da titularidade destas parcelas, sinalar que a Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) adquiriu estes terreos , en cumprimento da encomenda de xestión, realizada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data do 29 de abril de 2011.

O Pleno desta Excma. Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de dous mil vinte adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“...a extinción da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A (SUPLUSA) con efectos desde o día 30 de novembro de 2020.

a aceptación da cesión do activo e pasivo consonte o artigo 83 da Lei 3/2009, do 3 de abril, de modificacións estruturais das sociedades mercantís.

a incorporación ao inventario provincial dos bens e dereitos nos que se subroga, de acordo con informe emitido pola Sección de Inventario, en data de 19 de novembro de 2020...”

En data de 13 de abril de 2021 foi outorgada, ante o Notario Natalia Nieto Alba, a escritura de cesión global de activo e pasivo, en caso de disolución, baixo o protocolo número cincocentos sesenta e dous.

De acordo co exposto e como resultado da cesión global de activo e pasivo que implica a subrogación da Deputación Provincial na posición xurídica da Sociedad Urbanística Provincial de Lugo S.A, respecto dos dereitos e obrigas dos que esta era titular, as referidas parcelas son de titularidade provincial e foron incorporadas ao Libro de Inventario de Bens e Dereitos desta Deputación de Lugo, das que consta expedida a Certificación da Secretaría Xeral pertinente, con data do 11 de marzo do 2022 e CSV IV7CZWJ4LLU4VFBD3X6HIPSOKA na que figura a súa natureza xurídica como ben patrimonial e a súa valoración actual, que ascende a catrocentos cinco mil trescentos setenta e catro euros con setenta e seis céntimos (405.374,76€).

A data deste informe estase a tramitar a regularización xurídica da titularidade catastral e rexistral destas parcelas a nome da Deputación Provincial o que non presenta impedimento para a continuidade do presente procedemento, a teor do disposto no artigo 125.2 do Regulamento da Lei 33/2003, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto, que establece : “Podrán ser objeto de cesión los bienes no regularizados física o jurídicamente, siempre que estas

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	11/41



circunstancias se pongan en conocimiento del cesionario y éste asuma la obligación de realizar las actuaciones necesarias para su regularización”.

Nas notas simples actuais de inscrición rexistral, expedidas polo Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos-Quiroga, das parcelas solicitadas polo Concello, dedúcese o seguinte contido:

Referencia catastral	Titular rexistral	Superficie rexistral	Inscrición rexistral			
			Finca	Tomo	Libro	Folio
27031B004001840000MY	Non consta inscrición a nome de SUPLUSA. Non consta inscrición a nome da Deputación de Lugo.	1.006 m2	13988	527	173	168
27031B004001850000MG	SUPLUSA	1.614 m2	13981	831	367	61
27031B004001860000MQ	SUPLUSA	5.000m2	13888	822	361	112
27031B004001870000MP	Non consta inscrición a nome de SUPLUSA. Non consta inscrición a nome da Deputación de Lugo	8.813 m2	13283	524	170	213
27031B004001880000ML	Non consta inscrición a nome de SUPLUSA. Non consta inscrición a nome da Deputación de Lugo	17.678 m2	13072	524	170	2
27031B004001890000MT	SUPLUSA	36.856 m2	13967	822	361	107
27031B004001900000MP	Non consta inscrición a nome de SUPLUSA. Non consta inscrición a nome da Deputación de Lugo	4.065 m2	13451	525	171	131
27031B004001910000ML	SUPLUSA	4.206 m2	12991	822	361	106
27031B004001920000MT	Non consta inscrición a nome de SUPLUSA. Non consta inscrición a nome da Deputación de Lugo	6.265m2	13312	704	280	70
27031B004001930000MF	SUPLUSA	6.347 m2	12888	822	361	50
27031B004001940000MM	SUPLUSA	9.516 m2	13796	822	361	224
27031B004001980000MD	SUPLUSA	669 m2	13317	831	367	60
		426 m2	13318	831	367	59
27031B004002000000MX	SUPLUSA	3.167 m2	14018	742	304	97
27031B004002020000MJ	SUPLUSA	3.191 m2	13135	822	361	197
27031B004002030000ME	SUPLUSA	3.233 m2	13134	822	361	225

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	12/41





Indicar que as citadas parcelas foron recentemente incorporadas ao patrimonio provincial, como resultado da cesión global de activo e pasivo da extinta SUPLUSA, polo que non están incluídas en ningún plan de actuación provincial elaborado ata a data.

II. En relación coa finalidade da solicitude.

A solicitude formulada polo Concello de Monforte expresa a necesidade da cesión destes terreos para a ampliación do Polígono Industrial de O Reboredo, dando resposta á demanda de solo industrial e posibilitando, así, o desenvolvemento industrial do municipio, a creación de emprego e impulsando a dinamización económica da comarca.

A finalidade pública que describe beneficiará aos veciños de toda a provincia e, en particular, aos veciños deste municipio.

III. En relación ao réxime xurídico aplicable ao procedemento de cesión de titularidade das referidas parcelas.

Aplicarase, principalmente, á seguinte normativa:

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a lei 5/2011 do 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento da Lei 33/2003, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	13/41



- Supletoriamente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e restantes normas do ordenamento xurídico, administrativo e civil

#### IV. En relación ao procedemento.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establece no artigo 47.2.ñ) que para a adopción dun acordo de cesión gratuíta de bens a favor doutras administracións públicas se require o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno.

A Lei 5/1997, do 22 xullo, reguladora da Administración Local de Galicia no artigo 276 dispón que os bens inmoables patrimoniais poderán cederse gratuitamente a favor doutras Entidades Públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal.

A Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas dispón no artigo 145.4 e 148 que cando a cesión (gratuíta) teña por obxecto a propiedade do ben solo poderán ser cesionarios, entre outros, as entidades locais quedando vinculados ao fin que o xustificou a cesión.

O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais establece no artigo 109 que os bens inmoables patrimoniais nos poderán allearse, gravarse nin permutarse sen autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma, cando o seu valor exceda do 25 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto anual da corporación. No obstante, darase conta ao órgano competente da Comunidade Autónoma de todo alleamento de bens inmoables que se produza e os bens inmoables patrimoniais no poderán cederse gratuitamente senón a entidades ou institucións publicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás institucións privadas de interese publico sen ánimo de lucro. Destas cesións tamén se dará conta á autoridade competente da Comunidade Autónoma.

O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais establece no artigo 110 que formarán parte do expediente os seguintes documentos:

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	14/41





A) Xustificación documental pola propia entidade solicitante do seu carácter público e memoria demostrativa de que os fins que persegue deben redundar de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal.

B) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa da inscrición.

C) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no Inventario aprobado pola Corporación en concepto de patrimoniais da Entidade Local.

D) Informe do interventor de fondos no que se probe non haber débeda pendente de liquidación con cargo ao presuposto.

E) Ditame suscrito por técnico que asevere que os bens non están comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a entidade local nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

F) Información pública por prazo non inferior a 15 días.


O presente informe refire que os bens non se achan comprendidos en ningún Plan de Ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade Local nin é previsible que o sexa nos dez anos inmediatos.

No expediente achégase xustificante de pago do Imposto de Bens Inmóbles (IBI) das parcelas correspondente ao exercicio 2021.

De seguido, emitirase informe de Intervención no que se manifeste que non hai débeda pendente de liquidación con cargo ao Orzamento provincial e a porcentaxe que respecto ao dito orzamento supón a valoración do ben.

O expediente someterase a período de información pública.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	15/41



Notificarase a cesión gratuíta á Comunidade Autónoma a efectos de que teñan coñecemento da mesma.

V. En relación ao cumprimento da finalidade que xustifica a presente solicitude.

A teor do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se no acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaron deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

Engade o artigo 150 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas que no suposto de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou deterioro sufrido polos bens cedidos sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

VI. En relación á formalización.


A lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas establece que as cesións gratuítas de bens inmobles, cando o cesionario sexa outra administración pública, organismo ou entidade vinculada ou dependente, formalizaranse en documento administrativo, que será título suficiente para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade, polo tanto, non se prevé con carácter básico a necesidade de formalizar en escritura pública as cesións gratuítas de inmobles a favor outras administracións ( artigo 113.2).

Non obstante, non existe inconveniente, no seu caso, en formalizar mediante escritura pública a presente transmisión do dominio.

VII. En relación ao órgano competente.

O Pleno Provincial, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do seu Regulamento Orgánico, ten competencia en materia de cesión gratuíta de bens e dereitos a outras administracións públicas.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	16/41







A cesión gratuita de bens debe ser aprobada polo Pleno da Corporación por maioría absoluta do número legal de membros, segundo o artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985 ,de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 110 Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.


Por último , indicar a necesidade da preceptiva sinatura da Secretaria Xeral e ademais, e no seu caso, informe da Intervención Provincial en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/1986, de 18 de abril , e 173 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

De conformidade ao exposto estímase que o presente procedemento de cesión gratuita de 15 parcelas provinciais a favor do Concello de Monforte de Lemos adecúase á lexislación vixente e pode someterse á consideración do Pleno Provincial.”

Vista a finalidade expresada na solicitude formulada polo Concello de Monforte de Lemos que pretende con estes terreos a ampliación do Polígono Industrial de O Reboredo, dando resposta á demanda de solo industrial e posibilitando, así, o desenvolvemento industrial do municipio, a creación de emprego e impulsando a dinamización económica da comarca e tendo en conta que desde esta Deputación Provincial xa se teñen efectuado outras cesións de terreos a concellos da provincia para este fin como é o caso de Trabada ou de Antas e esta cesión beneficiará aos veciños de toda a provincia e, en particular, aos veciños deste concello.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral, con data de 11 de marzo de 2022 e CSV IV7CZUIKBJV3T3PDS4H552AIQ que, en relación coa finalidade da solicitude sinala que a teor do artigo 111 do Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se no acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se outorgaron deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes, os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da Entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións e o artigo 150 da Lei 33/2003, do 3 de novembro,

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	17/41



do Patrimonio das Administracións Públicas dispón que no suposto de resolución da cesión serán de conta do cesionario o detrimento ou deterioro sufrido polos bens cedidos sen que sexan indemnizables os gastos nos que incorrera para cumprir as cargas ou condicións impostas.

Visto que no referido informe da Secretaria Xeral conclúese que o presente procedemento de cesión gratuíta de 15 parcelas de titularidade provincial a favor do Concello de Monforte de Lemos adecúase á lexislación vixente e pode someterse á consideración do Pleno Provincial, e ao que non presenta inconveniente a Intervención Provincial no seu informe do 17 de marzo de 2022 emitido baixo o CSV, IV7C2GJLFAN6TPN2SVUWHY27AU e en cumprimento do artigo 54 do RDL 781/1986, de 18 de abril, e do artigo 173 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Polo exposto, en aplicación do nº 23 do artigo 57 do Regulamento Orgánico Provincial, proponse ao Pleno Provincial:

PRIMEIRO. Aprobar o inicio do procedemento da cesión gratuíta da titularidade a favor do Concello de Monforte de Lemos das seguintes parcela catastrais:

Polígono/parcela	Referencia catastral
Polígono 4 parcela 184	27031B004001840000MY
Polígono 4 parcela 185	27031B004001850000MG
Polígono 4 parcela 186	27031B004001860000MQ
Polígono 4 parcela 187	27031B004001870000MP
Polígono 4 parcela 188	27031B004001880000ML
Polígono 4 parcela 189	27031B004001890000MT
Polígono 4 parcela 190	27031B004001900000MP
Polígono 4 parcela 191	27031B004001910000ML
Polígono 4 parcela 192	27031B004001920000MT
Polígono 4 parcela 193	27031B004001930000MF
Polígono 4 parcela 194	27031B004001940000MM

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	18/41





Polígono 4 parcela 198	27031B004001980000MD
Polígono 4 parcela 200	27031B004002000000MX
Polígono 4 parcela 202	27031B004002020000MJ
Polígono 4 parcela 203	27031B004002030000ME

Este acordo entenderase elevado a definitivo transcurrido o prazo de información pública, sen alegacións.

SEGUNDO. Vincular a presente cesión á implantación dun polígono industrial no concello solicitante, tendo en conta que os fins para os que se outorga a cesión deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse o seu destino durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos reverterán, no seu caso, ao patrimonio da entidade cedente con todas as súas pertenzas e accesións.

TERCEIRO. Remitir este acordo ao Concello de Monforte de Lemos para súa aceptación.

CUARTO. Formalizar a presente transmisión de titularidade mediante escritura pública subsrita entre as administracións interesadas”.


A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores deputados don Francisco Balado Teijeiro, don José Pardo Lombao e don José Angel Santos Sánchez, representantes do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=5>

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	19/41



--ooOoo--

## 6.- PROPOSTA DE GOBERNO EN RELACIÓN CO FUTURO DO CENTRO EDUCATIVO IES DO VAL DO ASMA

Logo de ver a proposta de goberno a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial Don Efrén Castro Caloto, en representación do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en relación co futuro do Centro Educativo IES do Val do Asma.

### *Exposición de Motivos:*

Recentemente coñeceuse a través da prensa as intencións da Consellería de educación de deixar ao IES Val do Asma en Chantada só para a docencia en Formación Profesional, sufrindo, polo tanto, o peche das ensinanzas de ESO e BAC que cursan 128 alumnos e alumnas neste centro.

Polo que reflicte ao artigo de prensa as propias direccións dos dous Centros de Ensinanza Secundaria de Chantada non concordan con esta medida por diferentes razóns.

Dende o Val do Asma explican que é inviable que este instituto quede so para a docencia de FP porque esta, na comarca de Chantada, está perdendo atractivo para o alumnado, de feito conta unicamente con 60 matriculados dos 188 que ten este centro; e perdeu 2 ciclos nos últimos tempos. A consellería pediu que se tentara potenciar, pero moito nos tememos que non é suficiente que isto se faga en Chantada, cando a FP está en declive en termos xerais; polo tanto, o problema debe ser bastante máis amplo.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	20/41





Por outra banda dende o IES Lama das Quendas, manifestan que o centro non ten a infraestrutura precisa para acoller a outros 128 alumnos e alumnas e que precisarían de obras para incrementar a súa capacidade de acollida do novo alumnado e para que o centro fose totalmente seguro e accesible.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Que as posibles reordenacións da oferta educativa en Chantada, vaian encamiñadas a continuar avanzando na súa mellora e que non implique o peche de centros, nin a masificación do ensino.

2.- Que calquera cambio que se implemente no ámbito educativo da Secundaria ou da FP de Chantada, sexa posto en tempo e forma en coñecemento do conxunto da comunidade educativa; e que conte coa seu aprobación.

3.- Que poña en marcha medidas e accións que potencien, melloren e incrementen a oferta educativa da Formación Profesional en Chantada”.


O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=6>

**7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA REXEITANDO A INVASIÓN DE UCRAÍNA E AMOSANDO O NOSO RESPALDO ÁS VÍTIMAS DO CONFLICTO BÉLICO.**

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	21/41



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista rexeitando a invasión de Ucraína e amosando o noso respaldo ás vítimas do conflito bélico.


Os e as socialistas lucenses amosamos o noso rexeitamento absoluto da invasión de Ucraína perpetrada polas tropas rusas dende o día 24 de febreiro. A agresión militar de Rusia sobre un estado soberano, membro da ONU, supón unha violación do Dereito Internacional, incumpre os acordos de Minsk que fixaron as fronteiras entre Rusia e Ucraína no ano 2014, e supón unha vulneración da soberanía e a integridade territorial dun Estado soberano e democrático.

O conflito bélico desencadeado pola agresión rusa está a xerar un drama humano dunhas dimensións que Europa non coñecía dende o remate da Segunda Guerra Mundial. Ataques a obxectivos civís, cidades arrasadas, millóns de desprazados/as e refuxiados/as e familias rotas súmanse ás vítimas mortais como sinistro balance dun conflito que está, ademais, xerando unha nova crise económica.

Os e as socialistas lucenses queremos amosar o noso respaldo a acción do Goberno de España, que dende o primeiro momento actuou seguindo a liña de medidas propostas polos nosos socios da Unión Europea e da OTAN. A axuda á poboación civil é o envío de material militar para a defensa de Ucraína son os eixos da resposta europea, xunto cas sancións económicas ó réxime de Moscova.

O Grupo Provincial Socialista é plenamente consciente da resposta popular dos e das lucenses ante este conflito: rexeitamento da guerra e desexo de axudar a poboación civil. Ó longo da nosa historia, os e as socialistas avogamos sempre pola resolución pacífica de conflitos a través do diálogo, pero tamén pola necesidade de sancionar o incumprimento do dereito internacional. Por

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	22/41





iso somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo:


- Solicite a fin das hostilidades e o retorno á vía da negociación e da diplomacia, reiterando a necesidade de cumprir cos Acordos de Minsk e co dereito internacional.
- Exprese a súa solidariedade cas vítimas deste conflito, dun xeito especial cos menores, as mulleres e os anciáns, dando todo o noso apoio ás organizacións que traballan pola defensa e protección dos dereitos humanos.
- Amose o seu respaldo ó Goberno de España e da Unión Europea reivindicando a legalidade internacional e o restablecemento inmediato da paz, tendo como guía nesta crise os principios e valores democráticos que compartimos con Europa.
- Exprese o máis firme compromiso coa defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no de constitución da Unión Europea.
- Apoie á Unión Europea para que se interpoñan as sancións precisas co fin de que se poña fin o conflito ante estes feitos tan graves que ameazan a paz e as liberdades e dereitos fundamentais dos e das cidadáns ucráínas.
- Reclame á Xunta un plan de choque para paliar o impacto económico da guerra nas empresas e nas familias galegas.
- Se comprometa a seguir empregando, na medida da súa capacidade orzamentaria, recursos propios para desenvolver medidas concretas de axuda destinadas a paliar a situación do pobo ucráino”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda de substitución do seguinte teor:

“Propoñemos substituir o punto que di:

“Exprese o máis firme compromiso de defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados no Preámbulo do Tratado de constitución da Alianza do Atlántico Norte e no da constitución da Unión Europea”.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	23/41



Por:

“Exprese o máis firme compromiso de defensa dos principios de democracia, o estado de dereito e a protección dos dereitos fundamentais contemplados na constitución da Unión Europea”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 22 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 3 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do BNG. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=7>


**8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA UN PLAN PARA QUE NOS CONCELLOS PEQUENOS SE POIDA DESENVOLVER A REDE DE TELEFONÍA MÓBIL.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta un Plan para que nos concellos pequenos se poida desenvolver a Rede de Telefonía Móbil.

O plan de mellora de telefonía rural deseñado pola Xunta para o período 2022/2023 ten sido presentado polo executivo como unha acción ambiciosa que pretende mellorar o servizo de telefonía móbil en 290 entidades de poboación, mellorando a cobertura que reciben 7.000 habitantes de 65 concellos galegos. No caso da provincia de Lugo, o devandito plan contempla actuacións e Abadín, Baleira, Baralla, Castroverde, Cervantes, Cervo, Folgoso do Courel, A

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	24/41







Fonsagrada, Foz, Guntín, Láncara, Lugo, Mondoñedo, Meira, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantín, Pol, Portomarín, Quiroga, O Saviñao, Taboada, Triacastela e Vilalba.

Por desgracia, fronte a este despregue de nomes, a realidade do investimento previsto revela a cativa aposta da Xunta pola dixitalización do rural galego e lucense. Porque o investimento total desta acción apenas acada os 4,3 millóns de euros, 3,7 de eles procedentes de fondos públicos. Ou o que é o mesmo, a Xunta vai adicar só 15.000 euros á cobertura telefónica de cada núcleo de poboación.


Coma sempre, as contas da Xunta neste caso agochan que a parte máis gravosa dos traballos vai recaer nas arcas dos concellos. Porque serán os concellos os encargados de atopar as parcelas para instalar as torres de telefonía; serán os concellos os encargados de poñer as devanditas parcelas á disposición da Xunta, cos seus correspondentes accesos; e serán os concellos os que teñan que sufragar os gastos de levar a acometida eléctrica a cada unha das torres. Tendo en conta que as torres poden estar asentadas en parcelas de titularidade privada, o custo total de cada torre, para os concellos, pode rondar entre os 60.000 e os 90.000 euros.

Como se ve, a Xunta non só ven incumprindo os obxectivos fixados pola súa propia Lei 3/2013 de Impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, senón que pretende botar sobre as arcas municipais a meirande parte do investimento necesario para impulsar a telefonía no rural.

O Grupo Provincial Socialista reitera o seu compromiso ca dotación de servizos básicos para o conxunto da poboación e ca necesidade de contar cunha rede de telefonía móbil e datos de calidade e que de servizo ó conxunto do territorio da provincia. E somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo.

- Inste á Xunta de Galicia a asumir o custo de levar a acometida eléctrica ás torres de telefonía móbil nos concellos do rural ou a desenvolver un plan de axudas específicas para evitar o sobrecusto que estes traballos supoñen para as arcas dos pequenos municipios.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	25/41



- Inste á Xunta de Galicia a que cumpra os obxectivos fixados na Lei 3/2013 de Impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, especialmente aqueles recollidos no artigo 2.2, relativos a desenvolvemento de infraestruturas de telecomunicación, garantía de acceso para particulares e empresas, e eliminación da fenda dixital no rural.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=8>

**9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG RELATIVA ÁS ACTUACIÓNS QUE DEBEN IMPULSAR OS GOBERNOS GALEGO E CENTRAL PARA MITIGAR O IMPACTO DO MEDRE DISPARADO DA INFLACIÓ N NA SOCIEDADE E ECONOMÍA GALEGAS.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción relativa ás actuacións que deben impulsar os Gobernos galego e central para mitigar o impacto do medre disparado da inflación na sociedade e economía galegas

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	26/41





*Exposición de Motivos:*


Galiza, a súa economía e a súa sociedade, sofre a agudización dunha suba de prezos sen precedentes nas últimas tres décadas e que, aínda que agravada pola guerra de Ucraína e o impacto na comercialización do gas ou do cereal, xa se viña producindo durante o 2021 e os primeiros meses de 2022.

A inflación é un fenómeno económico que se manifesta no incremento global do prezo dos bens e servizos dun país. Isto provoca unha perda xeneralizada do poder adquisitivo das persoas. Por tal motivo, coñécese como o “imposto dos pobres” porque, cos mesmos cartos, podemos afrontar menos pagamentos e isto prexudica especialmente ás persoas máis vulnerábeis e con menos recursos. É, polo tanto, un problema económico e social de primeira orde.

A taxa de inflación interanual en Galiza no pasado mes de febreiro foi do 8% e, outro mes máis, supera a rexistrada no conxunto do Estado (7,6%). Isto quere dicir que en febreiro de 2022 as galegas e os galegos éramos un 8% máis pobres que un ano antes. Así, por exemplo, a electricidade subiu no estado español un 111,5% no mes de febreiro con respecto ao mes de febreiro do ano pasado. O diésel subiu un 29% e a gasolina un 25,9% con respecto a febreiro do ano pasado. A bombona de butano nunca custou tanto: pasou dos 13,3 euros hai un ano a 18,63 € agora (un 40% máis cara). Porén, non subiu só a enerxía, tamén o fixeron os alugueiros ou algo tan básico coma os alimentos (segundo a FAO o prezo dos alimentos a nivel mundial está no seu nivel máis alto dos últimos 60 anos).

A suba xeneralizada de prezos que estamos a vivir non está provocada por unha única causa. Son varios os elementos que están a provocar esta situación. A guerra agráva, mais a situación xa viña de antes e a pandemia tampouco explica todo. Vivimos ademais un contexto de escaseza de materias primas, problemas de subministro a nivel mundial, perda do control público sobre sectores clave como a enerxía, etc. O máis importante é que a suba de prezos está condicionada por decisións políticas, que poden empeorar ou aliviar os seus efectos. Polo tanto, hai marxe para actuar e evitar que as maiorías sociais paguen esta crise mentres grandes empresas como as da banca ou as eléctricas multiplican beneficios.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	27/41



En outubro de 2021 a Rede Galega Contra a Pobreza facía público o seu informe anual respecto de 2020 e sinalaba como xa entón 694.367 persoas, o 25,7% da poboación galega, estaba en risco de pobreza ou exclusión social e estes datos aínda non reflicten o impacto total da pandemia polo que a situación que estamos a vivir van empeoralos. Ademais, en Galiza agrávase o impacto polo peso do sector pesqueiro e agro-gandeiro, por termos industrias electrointensivas, depender do comercio por vía marítima e estrada, polas carencias históricas en transporte público, pola dispersión poboacional, pola estafa das peaxes... e sobre todo porque desde a Xunta e desde Madrid toman decisións contrarias aos nosos intereses, como rebaixar os impostos a quen máis ten, permitir os privilexios do lobby eléctrico ou incrementar o gasto militar no lugar de atender outras necesidades.

A situación é insoportábel e non podemos permitir que goberno central e Xunta sigan de brazos cruzados. É necesario, a medio e longo prazo, impulsar un cambio estrutural na nosa economía que nos faga máis resistentes a este tipo de situacións, mais é hora tamén de tomar medidas urxentes para que non haxa un empobrecemento drástico e non se pode agardar semanas para actuar.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes

Acordos , e instar á Xunta de Galiza e ao Goberno Central a:

1.- Demandar do goberno central a intervención inmediata no sector enerxético para controlar os prezos da electricidade e do gas, recortar os beneficios das eléctricas, impulsar unha tarifa eléctrica galega, medidas urxentes para a contención da crise da industria electrointensiva a través dunha tarifa estábel que garanta prezos máximos a medio prazo e a prohibición os cortes das subministracións básicas de forma permanente.

2.- Demandar do goberno central a baixada selectiva do IVE dos alimentos básicos, os produtos do mar, de hixiene persoal e feminina, o transporte público, a electricidade e o gas.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	28/41





3.- Demandar do goberno central o Incremento das pensións e dos salarios máis baixos até o 60% do soldo medio actual.

4.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a redución temporal das peaxes, dos impostos sobre hidrocarburos e doutros custos que afectan ao transporte así como a rebaixa dos prezos dos títulos de transporte público, tanto ferroviario como por estrada.

5.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a protección do sector agrogandeiro e marítimo-pesqueiro evitando a venda a perdas, impulsando a compra pública de pensos para garantir a subministración e impulsando axudas polo incremento dos custos de produción, singularmente enerxía e combustíbeis.

6.- Demandar do goberno central e da Xunta de Galiza a revisión impositiva para unha fiscalidade xusta e redistributiva que compense a perda de poder adquisitivo dos sectores máis vulnerábeis contemplando no IRPF a inflación e revisando os principais impostos para que pague máis quen máis ten e se distribúa a riqueza.


7.- Demandar do goberno central a actualización do Ingreso Mínimo Vital e da Xunta de Galiza a reforma da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galiza para garantir a compatibilidade e complementariedade da Renda de inclusión social de Galiza (RISGA) co Ingreso Mínimo Vital (IMV) así como axilizar e facilitar a súa tramitación.

8.- Demandar do goberno central a intervención pública no mercado da vivenda para facilitar o acceso da xente nova e as rendas máis baixas poñendo a disposición da Xunta as 2.735 vivendas da SAREB para se empregaren como vivendas sociais.

9.- Demandar do goberno central a revisión á alza das bolsas e convocatorias extraordinarias para protexer o estudantado máis afectado.

10.- Demandar da Xunta de Galiza o compromiso de non reducir as partidas de igualdade dos seus orzamentos, incrementar a contía das axudas de violencia machista conforme o IPC e aprobar sen máis dilación o Plan de Choque contra a pobreza en familias Monoparentais cun

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	29/41



orçamento e calendario específico de desenvolvemento”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 3 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista do BNG; votos en contra, 22 (emitidos polos señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do Partido Popular. Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=9>

**10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA APROBAR UN PLAN COMPLEMENTARIO E DE APOIO AOS CONCELLOS ANTE O INCREMENTO DO GASTO CORRENTE PROVOCADO POLO PREZO DA LUZ, DOS COMBUSTIBLES E DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS.**


Logo de ver a moción sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para aprobar un Plan Complementario e de apoio aos concellos ante o incremento do gasto corrente provocado polo prezo da luz, dos combustibles e do subministro de materiais.

**Exposición de Motivos:**

A tarifa eléctrica, que leva á alza desde hai un ano, alcanzou o pasado 8 de marzo máximos históricos de 544,98 euros/MWh, que sumado ao incremento descontrolado dos combustibles e, como consecuencia do anterior, ao aumento do prezo dos subministros e materiais para obras novas e para mantementos, están mermando as economías domésticas, a competitividade das empresas e, tamén, está asfixiando aos Concellos. As previsións máis optimistas calculan que o gasto corrente

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	30/41





nos Concellos incrementárase de media un 40%, situación que provocará unha crise moi grande para as entidades locais.

Esta situación agravouse coa invasión de Rusia sobre Ucraína, que provoca unha grave crise humanitaria, e que altera de xeito importante a nosa economía.

Concellos pequenos da provincia, onde os orzamentos municipais xa están moi axustados, nos que en situacións normais o gasto corrente xa ocupa a parte máis importante dos ingresos, serán incapaces de asumir este aumento dos prezos. É un aumento sen control que pode provocar o peche de instalacións municipais, que se deixen de prestar servizos fundamentais para os veciños e levar as arcas municipais a situacións límites. O alumeadado público, o mantemento das instalacións municipais, desde a propia casa do concello ata infraestruturas sociais, culturais ou deportivas, o mantemento das depuradoras, a recollida do lixo, as reparacións de albanaría, mellora de camiños... son servizos de prestación directa polos concellos, afectados por este incremento dos prezos. Pero hai outros moitos que, indirectamente e pola diminución dos recursos dispoñibles, poden verse prexudicados. Servizos básicos como os servizos sociais, xa afectados pola pandemia sanitaria e que, aínda sen estar resolta a situación, estase agravando aínda máis.

Polo tanto, este incremento do prezo da luz, do gas, dos combustibles e dos subministros está alterando a economía dos concellos, e as familias veranse afectadas dobremente, non só pola repercusión directa que estes prezos desorbitados teñen na súa cesta da compra e na súa economía familiar, senón tamén porque moitos dos servizos públicos que reciben poden verse alterados.

Non debemos esquecer que estamos nun momento especialmente delicado, no que ademais se multiplican as axudas de emerxencia social a familias en situación de vulnerabilidade, que son incapaces de asumir o gasto eléctrico., familias que aínda están padecendo as consecuencias económicas provocadas pola crise sanitaria e que precisan axudas para alimentos, cuxo custe se está incrementando aproximadamente nun 22%, para pagar a súa vivenda, etc.

Os Concellos non deixan atrás a ningunha, como así se demostraron nos últimos dous anos, e por iso é fundamental que a Deputación de Lugo faga un esforzo e colabore con eles para

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	31/41



financiar de xeito extraordinario ese incremento do gasto corrente, de maneira que poidan destinar eses recursos para seguir cubrindo necesidades mínimas e básicas da poboación.

A preocupación nos Concellos pola situación descrita é evidente. Consideramos que a Deputación de Lugo non só debe compartir esta inqueda, senón que debe dar un paso cara adiante e poñer a disposición dos concellos pequenos e medianos un plan económico complementario para que poidan facer fronte a estes gastos imprevistos.

É a súa obriga, como institución máis próxima ás entidades locais ás que debe prestar asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica, en especial ás de menor capacidade económica e de xestión; cooperación que no presente ano vese minorada, entre outras causas, pola decisión do equipo de goberno provincial de conxelar a achega da Deputación ao Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:


Aprobar un plan económico complementario para apoiar aos pequenos e medianos concellos da provincia ante o aumento esaxerado do gasto corrente, producido principalmente polo incremento do prezo da luz, dos combustibles e dos subministrados de materiais,, dotado, como mínimo, con 3,5 millóns de euros”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/ás señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=10>

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	32/41







**11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A ADOPTAR MEDIDAS CON CARÁCTER URXENTE PARA MINIMIZAR AS CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS NAS EMPRESAS E NOS CIDADÁNS DA SUBA XERALIZADA DOS PREZOS.**

Logo de ver a moción sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a adoptar medidas con carácter urxente para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns da suba xeralizada dos prezos.


*Exposición de Motivos*

O Índice de Prezos de Consumo (IPC) subiu no último ano un 7,6%. Despois do primeiro ano de pandemia, os prezos non deixaron de medrar; mermando, polo tanto, as economías domésticas e a competitividade das empresas dos distintos sectores que aínda están a facer fronte ás consecuencias da crise sanitaria da covid-19.

Esta situación vese aínda máis agravada trala invasión de Ucraína por parte de Rusia que, ademais de crear unha crise humanitaria e unha das incertezas máis graves vividas en Europa desde a segunda guerra mundial, está a provocar un excepcional impacto económico no tecido produtivo e nas familias.

A enerxía está a rexistrar uns prezos elevados chegando a marcar, no caso da tarifa eléctrica, un máximo histórico de 544,98 euros/MWh o pasado 8 de marzo. Na mesma data, o prezo do barril de Brent, referencia para fixar o prezo do petróleo en Europa, chegou ao seu máximo tocando os 127,9 dólares. O prezo da gasolina en España o 14 de marzo era de 1,84 euros e o do gasóleo, de 1,822 euros.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	33/41



Así mesmo, o gas tamén acumula unha subida do 54% dende setembro do 2020 marcando un máximo histórico dende o 15 de marzo. A bombona de butano custará 18,63 euros. Todos estes indicadores deixan ben claro que estamos a facer fronte aos prezos máis altos da historia en materia enerxética.

Precisamente, dar resposta a esta alza do prezo da enerxía (ademais de reforzar a cooperación institucional en torno a axuda humanitaria e acollida de refuxiados, o despregue de fondos europeos e a articulación do Plan Nacional de Resposta ás consecuencias da guerra en Ucraína) foi un dos puntos de acordo entre o Goberno do Estado e as Comunidades Autónomas na Conferencia de Presidentes; aínda que o Executivo central non foi capaz de concretar a través de qué medidas.

Mentres que outros países europeos xa adoptaran distintas rebaixas fiscais dende setembro do 2021 para paliar a escalada do prezo da luz e, máis recentemente, outras medidas para conter o prezo dos combustibles (Francia diminuírá o prezo de tódolos combustible e aínda máis para algúns profesionais coma os do sector pesqueiro, Italia anunciou a redución dos impostos especiais e en Portugal puxeron en marcha bonos dirixidos aos consumidores); o Goberno de España aínda non aprobou ningunha medida que dea cumprimento ao acordado na Conferencia de Presidentes.

Ante a suba do prezo dos combustibles que pon en risco a viabilidade de autónomos e empresas de moitos sectores produtivos para os que se disparan os custes de produción e a falta de medidas por parte do Goberno de España; unha plataforma que reúne a transportistas promoveu un paro que está a afectar á actividade produtiva de moitas industrias e á distribución de produtos perecedoiros do mar ou do agro. A este paro uniuse unha semana despois o sector pesqueiro, que leva tempo reclamando que se manteña a bonificación do gasóleo para a flota despois de que a Unión Europea aprobara deixar de bonificalo no 2023 como medida fiscal dirixida a lograr o obxectivo da descarbonización.

Á escalada dos prezos enerxéticos hai que engadir tamén a subida do prezo da cesta da compra, os subministros para a construción ou os insumos para as granxas que durante o 2021 viron como subían os prezos das súas materias primas, unha situación que se viu agravada como

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	34/41





consecuencia do conflito bélico en Ucraína que tamén provocou certa escaseza dalgunhas materias primas esenciais na cadea agro-mar-industria e outras industrias.

Debido á situación nas explotacións gandeiras, agricultores e gandeiros de todo o país concentráronse o domingo 20 de marzo en Madrid reclamando medidas que garantan a viabilidade das súas explotacións. Na provincia de Lugo, gandeiros uníronse tamén ás concentracións do sector do transporte en distintos puntos da provincia coma, por exemplo, as celebradas o luns 21 de marzo en Vilalba ou a marcha do martes 22 de marzo pola cidade de Lugo.


Ante esta situación faise necesario adoptar medidas urxentes para que os sectores como a industria, o agro e o mar poidan continuar coa súa actividade, mantendo o emprego, e para que as familias poidan facer fronte ás súas facturas.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte Proposta de acordo:

1º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a demandar do Goberno de España que faga efectivo o compromiso asumido na declaración pactada na Conferencia de Presidentes celebrada este domingo, 13 de marzo de 2022, e poña en marcha as medidas urxentes necesarias para minimizar as consecuencias socioeconómicas nas empresas e nos cidadáns tras a invasión de Ucraína e, entre elas, as seguintes:

- .- Baixada dos impostos que gravan a electricidade, o gas, a gasolina e o gasóleo.
- .- Medidas específicas para os sectores máis afectados: transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería e turismo.
- .- Rectificar a política enerxética abrupta que se vén levando a cabo e apostar por unha transición planificada, proporcional e xusta.
- .- Reverter o incremento xeneralizado de impostos, descartando a implantación de peaxes nas autovías que suporían novas cargas para as familias e os sectores produtivos esenciais.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	35/41



2º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a analizar, xunto cos sectores máis afectados polas consecuencias da invasión de Ucraína (transporte, industrias electrointensivas, pesca, agrogandería, turismo ...) e, en coordinación coas políticas que ao efecto se impulsen pola Unión Europea e polo Goberno de España, a continuar poñendo en marcha as medidas necesarias, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de mitigar a situación pola que atravesan os mencionados sectores.

3º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a aprobar un plan urxente de axudas directas para os sectores agrogandeiro, pesqueiro e do transporte”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución do seguinte teor:

Substituír a redacción orixinal pola seguinte Proposta de Acordo:

“I. 1. Insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha as seguintes medidas que son da súa competencia:

- **Redución das peaxes autoestradas da titularidade autonómica**
- **Rebaixa nas taxas da ITV**
- Impulso legislativo para determinar, por parte da Xunta de Galicia, os **proxectos estratéxicos** dirixidos a elevar a **autosuficiencia enerxética**.
- Redución das **tarifas portuarias** nun 75%
- Aprobar **un plan social de axudas ás familias máis vulnerables**
- Reformulación da **Tarxeta Básica** da Xunta
- **Redución no tramo autonómico do IRPF**
- Habilitar un **fondo de avais e de liquidez** que garanta a viabilidade de empresas afectadas polo peche de mercados en Rusia e Ucraína.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	36/41





II. Insta ao Goberno do Estado a adoptar as seguintes medidas da súa competencia:

- Impulsar o cambio na regulación do mercado eléctrico que faga posible unha **rebaixa significativa do custe da electricidade**.
- Redución das **tarifas portuarias** nun 75%
- Rebaixar a imposición sobre hidrocarburos
- Impulsar unha baixada nas autoestradas de titularidade estatal, nomeadamente a da AP-9.”

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=11>

**PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

**12.- CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO RD 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**


Dada conta do informe do artigo 218 do RD 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=12>

**13.- CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCIERO CORRESPONDENTE A 2021.**

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	37/41



O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de control financeiro correspondente a 2022.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=13>

**14.- CONTA DO INFORME ANUAL DE INTERVENCIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS PAGOS A XUSTIFICAR E ANTICIPOS DE CAIXA FIXA DO EXERCICIO 2021.**

Dáse conta do informe anual de Intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar e anticipos de Caixa fixa do exercicio 2021. O Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=14>

**15.- CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2021.**

O Pleno da Corporación queda enterado da liquidación do orzamento de 2021.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=15>

**16.- CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e dous, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 0213 ao 0730. O Pleno da Corporación queda enterado.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=16>

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	38/41





## 17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

### *Intervencións:*

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=17>

## 18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Por parte do Presidente indícase que o Grupo Provincial do Partido Popular ten presentado un Rogo e unha Pregunta, que se tratarán a continuación.

### **R O G O**

Presentado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á LU-P-2303, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

A estradas da rede provincial ao seu paso polo concello de Begonte atópanse nun estado que, en xeral, oscila entre malo e pésimo. O pavimento está cheo de fochancas, consecuencia da perda da capa de rodadura superficial, o que provoca numerosas molestias aos usuarios, avarías nos seus coches e risco para a seguridade vial. A sinalización horizontal é practicamente inexistente e a vertical resulta insuficiente. É un problema xeralizado, que, con carácter moi acusado se dá, entre outras vías da Deputación en Begonte, na “LU-P 2303, Parga (LU - P 2101)- Pedrafita – Santalla (LU - P 0804), de gran importancia para o municipio. Os veciños máis directamente afectados e o propio alcalde reclaman do goberno provincial a atención que merecen e demandan a reparación das vías provinciais ao seu paso polo municipio de Begonte, en xeral, e da LU - P 2303 - *Intermunicipal Begonte (3589), Guitiriz (9577)* - en particular. Sinalan que, dado que o Concello, pavimenta as súas pistas con aglomerado en quente, desexan que a Deputación utilice este firme

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	39/41



para reparar as estradas provinciais nese municipio. Desta maneira a durabilidade da intervención será moito maior e os gastos de mantemento moito menores.

A vista do exposto o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte rogo ao Sr. Presidente da Deputación:

Que por parte da Área de Xestión Territorial da Deputación Provincial de Lugo se fagan, de maneira inmediata, as xestións necesarias para atender as reclamacións dos veciños máis directamente afectados e se proceda á reparación da dita estrada provincial, LU-P 2303, así como de todas as que, dependendo da Deputación, discorren polo municipio de Begonte, así como á limpeza das cunetas, solventando desta maneira o déficit de mantemento que sufriron estas vías durante anos ata chegar ao lamentable estado no que se atopan”.

## PREGUNTA


Presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á necesidade de permisos e autorizacións para crear o Parque Central de Galicia, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

O proxecto para crear o Parque Central de Galicia en Nugallás, na parroquia de San Fiz de Amarante, en Antas de Ulla, ten diferentes fases que pasan dende a adquisición de fincas, actuacións medioambientais nas mesmas, creación dunha zona de estacionamento, ata a construción de edificacións.

Recentemente o Grupo Provincial do Partido Popular solicitou acceso e copia ao expediente completo relativo á construción do dito parque. E, o pasado venres 25 de marzo de 2022, logo de consultar a documentación facilitada e de comprobar que o acceso se limitaba unicamente a unha parte da documentación (certificación información pública, expediente contratación e proxecto), vímonos na obriga de reiterar a dita solicitude.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	Fecha y Hora	07/04/2022 14:53:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	Página	40/41







Polo exposto, e a falta de que se nos facilite o resto da información e documentación, formulamos a seguinte pregunta:

A Deputación Provincial de Lugo conta con todos os informes técnicos favorables, permisos e autorizacións necesarias das diferentes administracións públicas para crear o Parque Central de Galicia?''.

**Intervencións:**

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20220329&punto=18>

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

	IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI	<b>Fecha y Hora</b>	07/04/2022 14:53:51
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7CG6SMBJFDTWNN4U6G4UQDMI</a>	<b>Página</b>	41/41

